

PROGRAMA



Luns 4 de xullo, 2022

10.00h Inauguración (presencial)

«O grupo BiFeGa – historia e perspectivas de cohesión»

Burghard Baltrusch (CJS, POEPOLIT II; GAELT II)

Breve presentación da historia e situación actual de BiFeGa - Grupo de Investigación en Estudos Literarios e Culturais, Tradución e Interpretación. Tendo en conta a diversidade das súas liñas de investigación e áreas de coñecemento, farase unha reflexión sobre as posibilidades de potenciar a cohesión interna de cara á necesidade de competir nun contexto que exige excelencia e impacto internacional da produción científica, así como de futuras convocatorias de axudas.

Burghard Baltrusch é profesor de Literaturas Lusófonas, presidente da [I Cátedra Internacional José Saramago](#), coordinador do grupo de investigación [BiFeGa](#) e do [Programa de Doutoramento Interuniversitario en Estudos Literarios](#) na Universidade de Vigo, e colaborador do grupo Intermedialidades do Instituto de Literatura Comparada Margarida Losa da Universidade do Porto e do Interuniversity Centre for Research on Atlantic Landscapes and Cultures (CISPAC). Actualmente, é investigador principal do proxecto [“Poesía actual y política II: conflicto social y dialogismos poéticos”](#). As súas publicacións poden ser consultadas en <https://uvigo.academia.edu/BurghardBaltrusch>.

10.30-11.15h Conferencia de apertura (virtual)

«Tradución e sustentabilidade ante a crise do capitalismo: alternativas necesarias á economía neoliberal»

Olga Castro (Feminario)

Os niveis de *burnout* na sociedade actual están en máximos históricos (Han 2015). Á súa vez, estase a dar un crecemento exponencial das críticas ao poscapitalismo por impedir este un desenvolvemento sustentábel (Gibson-Graham 2006). No que atinxe á

tradución, estudos recentes realizados no ámbito anglosaxón apuntan a que os programas académicos apenas abordan aspectos relacionados coa sustentabilidade da profesión (Moorkens 2017); no seu lugar, céntranse en afondar na figura dx tradutor/a como suxeito neoliberal que poida venderse como autónomx, competir no mercado capitalista de maneira individualista e levar a cabo unha constante actualización tecnolóxica. Partindo desta constatación, este relatorio ten dous obxectivos. O primeiro é investigar de que xeito se adoita presentar a profesión da tradución nos mestrados universitarios do mundo occidental, con especial énfase no espazo anglosaxón. O segundo obxectivo é avaliar até que punto a profesión da tradución pode ser sustentábel desde un punto de vista económico, social e ambiental. Neste relatorio analizarei a súa utilidade para (a) atallar o impacto que supón para o medio a necesidade incesante de adquirir novo software e hardware, (b) presentar modelos de traballo colectivo e cooperativo, e (c) analizar como a cultura de traballo da dispoñibilidade constante afecta á xestión das responsabilidades familiares e dos coidados.

Olga Castro é profesora titular de Estudos de Tradución na Universidade de Warwick, en Gran Bretaña, onde dirixe o mestrado ‘Translation and Cultures’ e é subdirectora de estudos de posgrado na Escola de Linguas e Culturas Modernas. Emigrou a Gran Bretaña no 2010, despois de doutorarse pola Universidade de Vigo, con mención europea e premio extraordinario de doutoramento, cunha tese dirixida por Burghard Baltrusch e Belén Martín Lucas. Está licenciada en Xornalismo pola USC e en Tradución e Interpretación pola Uvigo.

11.15-11.45h Pausa café

11.45-12.30h «Feminismos e resistencias, teorías e prácticas: as contribucións do Feminario ao feminismo interseccional» (virtual)

Belén Martín Lucas (Feminario)

Nesta presentación faremos un breve percorrido histórico polas achegas á investigación nos feminismos poscoloniais e decoloniais desde o Feminario de Investigación Feminismos e Resistencias desde a súa xenese nos anos 90, mais especialmente desde a súa integración no grupo BIFEGA no momento da súa fundación, no ano 2017 ate hoxe. Destacaremos en primeiro lugar as teses doutorais defendidas e as tese en curso arredor das tres liñas de traballo do Feminario: Estudos Feministas, Estudos Poscoloniais e Estudos da Globalización. Ofreceremos a continuación unha breve descripción dos 2 proxectos de investigación “Cuerpos en tránsito” desenvolvidos desde a integración en BIFEGA, e presentaremos a proposta do noso novo proxecto, “Immunitas/Communitas: más allá de las dinámicas de privilegio y exclusión en la cultura del siglo XXI”. Explicaremos a nosa participación na Rede de Excelencia “TransCanadian Networks” e a nova fase de expansión desta Rede. Finalmente comentaremos a recente integración dalgunhas das nosas investigadoras no novo Centro de Investigación Interuniversitario das Paisaxes Atlánticas Culturais (CISPAC) e a nosa contribución nese Centro.

Belén Martín-Lucas é Catedrática en Filoloxía Inglesa na U. de Vigo e unha das fundadoras do grupo BIFEGA. A súa investigación interdisciplinar combina estudos feministas, poscoloniais e decoloniais, estudos da globalización e estudos canadienses.

12:30-13:15h «A liña Linkterpreting e o proxecto JustiSings 2» (presencial)

Maribel del Pozo e Beatriz Longa Alonso (Linkterpreting)

Linkterpreting é unha plataforma de recursos para a interpretación de enlace destinada a intérpretes en formación ou en activo, a persoal docente formador de intérpretes e a calquera persoa interesada. Trátase dun proxecto aberto e dinámico xurdido no seo da Universidade de Vigo e dirixido pola Dra. Maribel del Pozo Triviño, que combina tanto conceptos e fundamentos teóricos como exercicios prácticos e materiais didácticos. O proxecto JUSTISIGNS 2 está financiado polo programa Erasmus+ Acción Clave 2 Asociacións Estratéxicas (KA2) e desenvolvido por un consorcio de persoas expertas procedentes de Irlanda, o Reino Unido, Bélxica e España. De entre os principais obxectivos destacaremos a mellora na comunicación entre mulleres xordas, migrantes ou solicitantes de asilo que non falan as linguas oficiais do país no que se atopan, e que son vítimas da violencia de xénero, e os/as profesionais que as atenden nos diferentes servizos: sanitario, psicoloxía, traballo social, avogacía, xudicatura, policía, etc.

Maribel del Pozo Triviño é licenciada en Filoloxía Hispánica pola Universidade de Irlanda e licenciada e doutora en Tradución e Interpretación pola Universidade de Vigo. En 1997 fundou SPRINT, axencia de tradución e interpretación e academia de idiomas. Dende 1998 é tamén tradutora e intérprete xurada inglés-castelán. A partir do ano 2001 comezou a compaxinar a súa actividade profesional como tradutora e intérprete coa docencia universitaria e actualmente é profesora a tempo completo na Universidade de Vigo. Impartiu, así mesmo, numerosos cursos, obradoiros e conferencias sobre diferentes aspectos da TISP e participa en proxectos de investigación vinculados a este eido. Conta con diversas publicacións ao respecto, alén de ter asistido a numerosos congresos internacionais.

Beatriz Longa Alonso é licenciada en Tradución e Interpretación, Técnica Superior en Interpretación de Linguas de Signos e estudante de doutoramento en Tradución e Paratradución na UVigo. Ademais, cursou o mestrado en Lingüística Aplicada polas universidades de Vigo, Santiago e A Coruña. Actualmente combina o seu labor como asistente de investigación no proxecto europeo Justisigns2 coa interpretación da lingua de signos. A súa tese doutoral céntrase na interpretación para mulleres xordas en contextos de violencia de xénero.

13:30-16:00h Pausa xantar

16:00-18:00h Panel: Estudos en Tradución e Interpretación 1 (semipresencial)

«La construcción de la subjetividad en el discurso interpretado: hacia una reconceptualización de la interpretación y sus prácticas» (virtual)

Gabriela Luisa Yáñez (Linkterpreting)

El trabajo propone un estudio exhaustivo de la construcción de la subjetividad en el discurso interpretado en relación con la imagen discursiva o *ethos* que proyecta de sí el responsable de la enunciación. Se trata de investigar la puesta en escena del personaje discursivo que permite construir identidades individuales y sociales y regular las interacciones sociales en el seno de las prácticas de la interpretación. El estudio remite a la imagen que el sujeto enunciativo construye de sí toda vez que toma la palabra y el

modo en que esa imagen se gesta en la situación concreta de enunciación en relación con marcos socioculturales e institucionales. Nuestro estudio se interesa en la interpretación simultánea en las combinaciones lingüísticas inglés-español y español-inglés en el contexto de los procesos de producción y diseminación de políticas de género dentro de la Comisión de la Condición Jurídica y Social de la Mujer (ONU), uno de los foros internacionales de gran envergadura en materia de género. El trabajo pretende profundizar en las prácticas discursivas de la interpretación y repensarlas en los contextos actuales, en los cuales la traducción (y la interpretación) está llamada a asumir nuevos compromisos con la pluralidad, la diversidad y la diferencia con miras a facilitar el diálogo multicultural y multilingüe en torno a la consecución de la equidad social. Asimismo, esta indagación se propone enriquecer la noción de *ethos* y ampliar su aplicación, a fin de que pueda dar cuenta de fenómenos discursivos que se producen en el seno de la interpretación.

Gabriela Luisa Yáñez é Profesora Adxunta de Lengua Inglesa 3 e Interpretación en Inglés na Universidad Nacional de La Plata (UNLP). É doutoranda e investigadora colaboradora de Linkterpreting e “Escritura de minorías, *ethos* y (auto)traducción” (UNLP, H967). Tamén exerce como tradutora e intérprete autónoma en conferencias.

«Modelos de diálogos de interpretación de enlace» (virtual)

Ana María Pérez Fernández (Linkterpreting)

En Italia y en Europa, la creciente oferta y demanda en mediación lingüística no ha ido acompañada de mayores materiales a disposición, especialmente si se tienen en cuenta las diferentes temáticas posibles en ámbito social, jurídico, policial, de negocios sanitario, etc y las posibles combinaciones lingüísticas para su estudio. Un ejemplo a tener en cuenta es la plataforma de interpretación de enlace Linkterpreting de la que se partirá como base para la creación de materiales modelo. Pensando en las necesidades de aprendizaje por parte del alumnado y las necesidades del profesorado para la enseñanza, presentamos una propuesta didáctica guionizada implementada con los elementos aconsejados en didáctica de interpretación pero raramente implementados como son el uso de colores, paréntesis, corchetes, cursivas y comentarios de expresión. Después de analizar la propuesta reflexionaremos sobre la practicidad de esta desde el punto de vista ya sea de un profesional en su preparación laboral que del docente y del alumnado, contando con sus ventajas e inconvenientes. Asimismo, se desea fomentar la colaboración entre el profesorado de interpretación de enlace para compartir y colaborar en la creación de materiales que se adapten a la didáctica en los diferentes ámbitos, niveles e idiomas.

Ana María Pérez Fernández é licenciada en Traducción e Interpretación pola Universidad de Vic (2008) co mestrado de Enseñanza de Español como Lengua Extranjera pola Universidad de Barcelona (2019). Desde 2008 é tradutora e intérprete autónoma. Tamén exerce como profesora de traducción e interpretación na Escuela de Interpretación CIELS de Bolonia dende 2017 e no CIELS Padua.

«O papel da poeta na importación de textos poéticos ao galego (1983-2001): unha rede de afectos e intertextualidades» (presencial)

Tamara Andrés Padín (BITRAGA)

O traballo de investigación que estamos a desenvolver baixo a dirección de Ana Luna Alonso consiste nunha recompilación dos exercicios de tradución poética que desenvolveron cinco poetas galegas nas dúas últimas décadas do século XX (Luz Pozo Garza, María Xosé Queizán, Ursula Heinze de Lorenzo, Marilar Aleixandre, Xela Arias e Luisa Castro) co fin de incorporalos ás súas bibliografías literarias e poñelos en relación co resto da súa obra de creación poética. Na nosa intervención no marco do I Coloquio Internacional BiFeGa compartiremos algunhas reflexións, dificultades e achados cos que nos atopamos á hora de contextualizar desde a perspectiva histórica a nosa tese de doutoramento.

Tamara Andrés Padín é escritora, tradutora literaria e doutoranda no Programa de Doutoramento en Tradución e Paratradución da Universidade de Vigo. Na actualidade é bolseira no proxecto Legados Literarios do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

«A simple vista: traducir la dualidad texto-imagen en el manga policíaco Detective Conan» (virtual)

Alba Quintairos-Soliño (BITRAGA)

En esta comunicación se presenta un breve panorama del estado de la tesis doctoral *A simple vista: traducir la dualidad texto-imagen en el manga policíaco Detective Conan*. El objetivo principal de la investigación es analizar la dualidad texto-imagen en el manga *Detective Conan* de G. Aoyama (1994 – actualidad) para observar qué dificultades de traducción se presentan y cómo se resuelven en su traducción al español. La elección de la obra se debe a la importancia de la imagen —a menudo muy marcada culturalmente— en la resolución de los casos que se presentan en los *manga* de temática policíaca, lo cual permite examinar pormenorizadamente el tratamiento de las referencias culturales niponas en las culturas origen y meta. Para realizar este estudio, partimos de la definición del concepto ‘manga’ y de la observación de la transmedia derivada de la obra para, a partir de ellos, proceder al análisis cualitativo y cuantitativo de los elementos textuales y paratextuales de los más de cien volúmenes que componen *Detective Conan*.

Alba Quintairos-Soliño é doutoranda en Tradución e Paratradución (UVigo), investigadora no proxecto de Fraseoloxía Galega do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades e membro do comité de redacción de *Cadernos de Fraseoloxía Galega*. Colabora cos grupos de investigación BiFeGa (UVigo) e PHRASEONET (USC).

Martes 5 de xullo, 2022

09:30-10:15 «As liñas GAELT I e II, a I Cátedra Internacional José Saramago (CJS) e o proxecto POEPOLIT II» (presencial)

Burghard Baltrusch

Presentaranse as liñas de investigación Estudos Literarios Galegos (GAELT I) e Estudos Lusófonos (GAELT II), integrados no grupo BiFeGa, xunto co seu persoal investigador e en formación asociado. En segundo lugar, realizarase unha caracterización da I Cátedra

Internacional José Saramago - [CJS-UVigo](#) (GAELT II), das súas principais actividades de I+D+i, e das ofertas de colaboración dirixidas a investigadoras e investigadores e estudantado. No terceiro punto, será presentado o proxecto de investigación “Poesía actual e política II: conflito social e dialoxismos poéticos ([POEPOLIT II](#))”, dirixido dende a CJS-UVigo e financiado polo Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades do Goberno de España (PID2019-105709RB-I00, 2020-2024), composto por un grupo internacional estábel de especialistas que, desde 2010, foron ampliando a análise teórico-práctica do poético e da súa interrelación co político.

Burghard Baltrusch é profesor de Literaturas Lusófonas, presidente da [I Cátedra Internacional José Saramago](#), coordinador do grupo de investigación [BiFeGa](#) e do [Programa de Doutoramento Interuniversitario en Estudos Literarios](#) na Universidade de Vigo, e colaborador do grupo Intermedialidades do Instituto de Literatura Comparada Margarida Losa da Universidade do Porto e do Interuniversity Centre for Research on Atlantic Landscapes and Cultures (CISPAC). Actualmente, é investigador principal do proxecto “[Poesía actual y política II: conflicto social y dialogismos poéticos](#)”. As súas publicacións poden ser consultadas en <https://uvigo.academia.edu/BurghardBaltrusch>.

10:15-11:45h Panel: Estudos Literarios 1 (presencial)

«A poética do cotián na literatura galega e portuguesa contemporánea»

Antía Monteagudo Alonso (CJS, POEPOLIT II, GAELT II)

Esta comunicación propón un achegamento ao concepto do cotián na poesía galega contemporánea. Tómase como punto de partida de análise o ano 1975 por considerar que se trata dun momento no que os cambios políticos conlevan tamén cambios sociais e culturais que permiten un achegamento entre arte e vida, así como unha proliferación de temáticas e sensibilidades ordinarias na poesía. Deste xeito, explicárase que se entende como "poesía do cotián" e cales son as estratexias a través das que a vida diaria se pode manifestar na poesía. Para iso utilizaranse exemplos poéticos de autoras/os contemporáneos como Lupe Gómez, Arancha Nogueira ou Antón Reixa. Por outro lado, preténdese mostrar a forma na que a poesía do cotián abre novos fronte metodolóxicos para os estudos literarios en Galicia, entre eles, a forma na que nos permite un novo achegamento ao poético desde unha posición non-binaria que prescinde das dicotomías entre literatura culta/popular, poesía verbal/multimodal ou entre arte e vida.

Antía Monteagudo Alonso é graduada en Estudos de Galego e Español pola Universidade de Vigo e doutoranda contratada na mesma universidade mediante un contrato FPU. É membro do grupo de investigación BiFeGa, do proxecto PoePolit e da I Cátedra Internacional José Saramago da Uvigo. Entre as súas liñas de investigación destacan a poesía galega e portuguesa contemporánea, as intermedialidades e a poesía do cotián.

«O poético e o político no Festival da Poesía no Condado. Funcións, repertórios e comunidade(s)»

Xián Naia Sánchez (GAELT I, POEPOLIT II)

O Festival da Poesía no Condado começa a súa actividade en 1981 pola mão da Sociedade Cultural e Deportiva do Condado. A súa programación leva máis de trinta anos incluíndo a presenza de poetas, dando actualmente un grande protagonismo aos grupos musicais convidados. Nele conviven diversas prácticas poéticas, das máis nitidamente literarias para outras híbridas que guardan relación con o performativo, con as oralidades e, en xeral, con as encastradas no concepto do non-lírico (Casas, 2012). Ademais, conta con relativo recoñecemento nos campos cultural e activistas, un material considerabelmente amplo, aínda que disperso, e en diferentes suportes (antoloxías de poesía publicadas anualmente, programas do festival, cartazes, fotografías, vídeos, etc.), así como un tratamento do cultural en sentido amplo e internacionalista, con a participación de poetas de diferentes culturas, ou un carácter político moi marcado en todas as súas edicións. Isto permite desenvolver o estudo partindo de un interese investigador primario pola relación entre as prácticas poéticas e os movementos sociais, atendendo a idea do conflito como modo relacional do social, e pelas prácticas das comunidades desenvolvidas neses campos activistas. Tamén, un interese nas diferentes concepcións que do poético conviven no espazo social galego e nas súas diferentes funcións, nos procesos de transferencia social ou nos proxectos de acción política ligados a elas.

Xián Naia Sánchez é graduado en Lingua e Literatura Galegas pola Universidade de Compostela. Tamén é Mestre en Profesorado de Ensino Secundario e en Literatura, Cultura e Diversidade pola Universidade da Coruña. Actualmente é doutorando na Universidade de Vigo con un contrato pre-doutoral FPI, ligado ao proxecto internacional POEPOLIT II (Poesía actual e política: Conflito social e dialogismos poéticos).

«A representación LGBTQ+ na literatura xuvenil irlandesa do século vinteún:

Queering a nación»

Iria Seijas Pérez (Feminario)

Na Irlanda, a literatura xuvenil pode remontarse aos anos noventa, a pesar de que nese momento aínda non era unha categoría visíbel. Porén, nos últimos anos, este xénero ten observado un acrecentamento no seu número de publicacións e na súa popularidade. O recente éxito de autoras de literatura xuvenil na Irlanda tamén ten producido un aumento das narrativas sobre a nenez das rapazas irlandesas – un cambio considerábel tendo en conta que a literatura irlandesa ten estado dominada polas narrativas da nenez dos rapaces. Alén disto, a pesar dunha reticencia nos seus comezos á hora de abordar temas que puidesen ser considerados controvertíbeis ou desaxeitados para o público mozo, a literatura xuvenil irlandesa actual reflicte unha ampla variedade de cuestións. Por exemplo, un dos temas que ten recibido máis visibilidade en publicacións recentes é a representación das sexualidades *queer*. A miña investigación aspira a analizar a literatura xuvenil con protagonistas lesbianas ou bisexuais escrita en lingua inglesa por autoras irlandesas, coa finalidade de ofrecer unha valoración crítica da representación das vidas das adolescentes lesbianas e bisexuais irlandesas e de como o lesbianismo e a sexualidade teñen sido introducidas na ficción xuvenil irlandesa, e tamén avaliar os cambios sociais que a Irlanda ten experimentado en relación aos dereitos da comunidade LGBTQ+, entre outros obxectivos. Por isto, un corpus conformado por un número de diferentes novelas de ficción xuvenil escritas en inglés por autoras irlandesas foi seleccionado, e será

analizado seguindo marcos teóricos feministas e *queer*, prestando particular atención á representación das protagonistas.

Iria Seijas Pérez é estudante de doutoramento na Universidade de Vigo. A súa tese, actualmente en curso, céntrase na literatura xuvenil de temática LGBTQ+ escrita por autoras irlandesas. As súas principais áreas de interese son a literatura e culturas irlandesas, a literatura xuvenil e os estudos LGBTQ+.

11.45-12.45h Pausa café

12.45-13.00h «Presentación do proxecto Universo Cantigas» (virtual)

Xosé Bieito Arias Freixedo (GAELT I)

O proxecto *Universo Cantigas*, desenvolvido actualmente ao abeiro dos proxectos ministeriais FFI2015-63523-P e PGC2018-093928-B-I00, ten como finalidade realizar e pór á disposición do público en versión electrónica, unha edición crítica propia, a partir dos manuscritos, da poesía trobadoresca profana galego-portuguesa. Concibido como unha empresa global, o proxecto *Universo Cantigas*, que este ano completará 1315 cantigas das case 1700 do corpus, é unha base de datos que alén da edición crítica de cada un dos textos poéticos, incorpora todos os elementos pertinentes para o seu estudo, tales como a transcripción paleográfica, paráfrase, notas editoriais, lingüísticas e literarias xustificativas e/ou explicativas, imaxes dos manuscritos, etc. Simultaneamente, a base de datos permite consultar de forma áxil e útil o *Glosario da poesía medieval profana galego-portuguesa*, resultado dun proxecto anterior que neste momento está integrado en *Universo Cantigas*.

Xosé Bieito Arias Freixedo é Doutor en Filoloxía (Galego-Portugués) pola Universidade de Santiago de Compostela. É profesor titular da Universidade de Vigo, onde imparte aulas de Literatura Medieval Galego-Portuguesa e de Língua Portuguesa. O seu labor investigador céntrase fundamentalmente na edición crítica da poesía trobadoresca profana galego-portuguesa.

13.00-14.00h Panel: Estudos en Tradución e Interpretación 2 (presencial)

«O paratexto como fonte de autoridade para as tradutoras do Renacemento»

Noelia Pousada Lobeira (BITRAGA)

Este proxecto de tese ten como propósito o estudo do paratexto como espazo de autoridade para unha serie de tradutoras dos séculos xvi e xvii que escribiron os seus textos en italiano, francés, inglés e castelán. Tras realizar unha breve introdución ao tema de estudo, na que se explicarán os vínculos particulares entre a muller e a tradución no Renacemento, resumiranse os obxectivos, o estado da cuestión, a xustificación e a metodoloxía. Presentarase o corpus de traballo, formado polos paratextos escritos por Ippolita Clara, Hélisenne de Crenne, Laura Battiferri, Marie de Cotteblanche, Margaret Tyler, Francisca de Passier e Anna Hume.

Noelia Pousada Lobeira é tradutora autónoma, intérprete, correctora ortotipográfica e de estilo e lectora editorial. É, ademais, doutoranda de primeiro ano. Estuda os paratextos dunha serie de tradutoras do Renacemento, baixo a dirección de Ana Luna e Lara Domínguez, e recibiu un premio de excelencia académica outorgado pola Xunta.

«La interpretación para mujeres sordas en contextos de violencia de género»

Beatriz Longa Alonso (Linkterpreting)

Las mujeres sordas forman parte de un colectivo especialmente vulnerable ante la violencia de género, tienen un mayor riesgo de sufrir situaciones de maltrato (40,4% han sufrido algún tipo de violencia en la pareja, MSSSI:2019) y se encuentran más indefensas a la hora de denunciar a su agresor debido, entre otras cosas, a las limitaciones comunicativas. La legislación internacional y española reconocen el derecho de las víctimas de violencia de género a la información y la necesidad de que las y los profesionales que las asisten tengan especialización en género. Sin embargo, a pesar de ello y de que la lengua de signos se encuentra reconocida en España (Ley 27/2007), las víctimas con discapacidad auditiva experimentan grandes dificultades para ser asistidas mediante intérpretes, a quienes no se exige ningún tipo de especialización en este ámbito. Como consecuencia, las barreras comunicativas y la mala praxis profesional pueden resultar en una vulneración de los derechos de las víctimas y un mal uso de los recursos públicos. Esta investigación pretende comprobar cómo la falta de formación especializada en el ámbito de la violencia de género en la interpretación de lengua de signos en España tiene un impacto negativo en la atención a las víctimas.

Beatriz Longa Alonso é licenciada en Tradución e Interpretación, Técnica Superior en Interpretación de Linguas de Signos e estudante de doutoramento en Tradución e Paratradución na UVigo. Ademais, cursou o mestrado en Lingüística Aplicada polas universidades de Vigo, Santiago e A Coruña. Actualmente combina o seu labor como asistente de investigación no proxecto europeo Justisigns2 coa interpretación da lingua de signos. A súa tese doutoral céntrase na interpretación para mulleres xordas en contextos de violencia de xénero

14.00-16.00h Pausa xantar)

16:00-18:00h Panel: Estudos Culturais (presencial)

«Rede Galega de Estudos Queer» e «InBIvisible: o borrado bisexual e as narrativas bisexuais no cinema contemporáneo»

Estrela Rivas López (Feminario)

A Rede Galega de Estudos Queer é unha rede de persoas a cabalo entre a academia e o activismo que quere dar visibilidade e movemento aos estudos de xénero e LGBTIQ+ na Galiza. Na presentación “InBIvisible” farase un resumo do proxecto de tese en curso, comentando as ideas principais de cada capítulo. Primeiro falarei da presenza de personaxes bisexuais no cine *mainstream* de Hollywood dende o ano 2000 ata o 2019 (tanto de xeito cuantitativo como cualitativo). A continuación mencionarei como afecta

o sistema establecido pola industria de Hollywood á visibilidade bisexual, especialmente en relación ao que se coñece como *queerbaiting*. Finalmente, farei fincapé na necesidade de abordar as análises críticas dun texto dende unha perspectiva bisexual ou non-monosexual, xa que isto pode enriquecer os nosos descubrimentos e evitar a produción de argumentos e conclusións que contribúan a perpetuar concepcións binarias do xénero e a sexualidade. Utilizarei como exemplos disto tres películas de cine independente: *Disobedience* (2017), *Moonlight* (2016) e *Stage Beauty* (2004).

Estrela Rivas López é doutoranda na Universidade de Vigo. O seu interese como investigadora é estudar e recoller como se representan as identidades de xénero e sexuais non normativas na ficción, especialmente no audiovisual.

«As conexións do mundo ficticio de *The Handmaid's Tale* cos seus contextos sociopolíticos»

Sara Tabuyo Santaclara (Feminario)

Margaret Atwood afirma que todo o que incluíu na súa novela *The Handmaid's Tale* (1985) está baseado en feitos reais, todo sucedeu xa nalgún momento ou lugar (Atwood 2019). Por iso, clasifica a súa novela como ficción especulativa, xa que ficcionaliza o que podería ocorrer no futuro dadas unhas circunstancias políticas concretas. A través da especulación de Atwood, *The Handmaid's Tale* pode definirse como unha distopía, é dicir, unha sociedade inexistente localizada nun espazo e tempo que o autor intenta que sexa visto polos lectores como considerablemente peor en relación á súa (Sargent 9). Tendo en conta os contextos sociopolíticos da novela orixinal de Atwood na década de 1980 e o contexto correspondente da súa adaptación á serie de televisión *The Handmaid's Tale* (2017-2021), podemos ver claramente as conexións das obras cos seus contextos sociopolíticos correspondentes. A década de 1980 está marcada polo *backlash* (Faludi), o discurso antifeminista de Ronald Reagan e a súa alianza coa Nova Dereita. Por outra banda, o contexto dos anos 2017-2021, semellante ao anterior, tamén se caracteriza pola polarización do panorama político á causa do discurso utilizado por Donald Trump tanto no proceso electoral coma durante a súa presidencia. Estes discursos antifeministas introdúcense tanto na novela coma na serie como partes esenciais da creación do mundo de Gilead, a nación onde ten lugar a acción en ambas obras. Ademais, o alcance destes discursos na realidade tradúcese en medidas políticas conservadoras que, entre outras cousas, restrinxen o acceso a aborto seguro en moitos lugares de Estados Unidos. O obxectivo desta presentación é explorar as conexións do universo de *The Handmaid's Tale* con cada contexto sociopolítico, prestando especial atención a como os discursos de Reagan e Trump se introducen en ambas obras. A medida que os límites da ficción e a realidade se difuminan, é posible ver como as sementes da distopía creada por Atwood xa están agochadas na nosa da realidade.

Sara Tabuyo Santaclara é estudante de doutoramento na Universidade de Vigo no grupo de investigación BiFeGa. En 2021, foi beneficiaria dunha bolsa de investigación predoutoral da Xunta de Galicia para levar a cabo a súa tese, na que analiza o universo de *The Handmaid's Tale* desde unha perspectiva feminista.

«Representacións do homoeroticismo no exército: guerreirxs queer e cultura popular»

Mariana Jorge Lozano (Feminario)

A miña presentación parte dos conceptos básicos analizados na miña tese de doutoramento, onde estudo a obra de Michel Foucault e as súas ideas sobre a sexualidade humana e as dinámicas de disciplina/poder en relación a catro novelas sudafricanas que representan sexualidades queer. A través das teorías deste filósofo exploro o discurso do nacionalismo Afrikaner e as súas institucións de poder, tales como as forzas policiais ou o sistema educativo. Nesta presentación céntrome na análise de *Moffie*, novela escrita por André Carl van der Merwe que relata as experiencias de un mozo de sexualidade queer no exército sudafricano. *Moffie* será o punto de partida para a miña análise de diversas manifestacións de homoeroticismo no contexto do exército ou da guerra, tal e como son representadas en diversas manifestacións culturais. Deste xeito, fago un breve repaso por varios exemplos de homoeroticismo nun contexto tradicionalmente identificado con valores de masculinidade normativa, tales como forza física ou heteronormatividade. Estas representacións da cultura popular, entre as que se poden atopar filmes, series de televisión ou banda deseñada, amosan como o homoeroticismo e as sexualidades queer forman parte dun imaxinario non-normativo do mundo bélico.

Mariana Jorge Lozano é doutora en Estudos Ingleses pola Universidade de Vigo. Anteriormente cursou estudos superiores en Filoloxía Inglesa na UNED e estudos de Master en literatura inglesa na Universidade de Cardiff. Recentemente defendeu a súa tese doutoral na Universidade de Vigo titulada “Michel Foucault and the Un-Queer Politics of Apartheid: Homophobia and Masculinity in South African Gay Narratives in English”.

«O biopic feminista afroamericano: estratexias e retos da nosa década»

María Platas Alonso (Feminario)

Este título avanza a miña proposta de investigación posdoutoral, como continuidade da miña tese “O biopic como xénero empoderador na cinematografía feminista afroamericana”, defendida no ano en curso na Universidade de Vigo. O biopic feminista afroamericano é unha estratexia filmica narrativa e visual que favorece o empoderamento das mulleres en diversas dimensións, particularmente como directoras, suxeitos de representación e espectadoras. Tras un breve repaso historiográfico do biopic feminista afroamericano ao longo do século XX, este relatorio prestará especial atención a novas producións como *Harriet* (2019) de Kasi Lemmons ou *Respect* (2021) de Liesl Tommy como pezas fundamentais que recollen o legado feminista precedente ao traer á fronte as dilatadas e rompedoras traxectorias de dúas afroamericanas fundamentais no activismo sociopolítico e cultural. As conclusións finais resumirán como o biopic feminista afroamericano está cada vez máis consolidado no seu labor restaurador e transformador do coñecemento cultural e histórico da comunidade negra estadounidense.

María Platas Alonso é doutora en Estudos Ingleses pola Universidade de Vigo. É investigadora do Feminario-BiFeGa e está contratada como persoal colaborador en investigación e desenvolvemento polo grupo (GRC Xunta ED431C 2020/04). Tamén formou parte do equipo de traballo en proxectos estatais como “Cuerpos en tránsito: diferencia e indiferencia”, coordinado

por Belén Martín Lucas, e a súa investigación está centrada no cinema feminista afroamericano, contando con diversas contribucións nesta liña dende 2003.

Mércores 6 de xullo, 2022

09:30-10:15h «Quo vadis, Bitraga?»

Silvia Montero Küpper e Ana Luna Alonso (Bitraga)

O grupo de investigación BITRAGA recompila, dende a súa creación en 2004, as traducións dende e cara ó galego no Catálogo da Tradución Galega, dispoñíbel para a súa consulta en liña. Entre os obxectivos xerais deste grupo figura difundir o panorama da tradución galega, impulsar a produción científica dos estudos de tradución en Galicia e estimular a reflexión teórica. Na presentación ofreceremos unhas pinceladas das nosas actividades, dos achados e as liñas de investigación. Daremos conta das teses defendidas e en curso, así como dalgúns proxectos e redes nas que participamos. Finalmente descubriremos camiños futuros e actuacións que reforzan a cohesión do grupo BiFeGa.

Silvia Montero Küpper, xermanista, romanista, comparatista literaria e doutora en Tradución e Interpretación, é profesora do Departamento de Tradución e Lingüística. Dende 2017 é investigadora principal da liña BITRAGA, o observatorio da tradución galega. A súa investigación actual está centrada na tradución editorial especialmente dende e cara ó galego, nas políticas de tradución e sostibilidade cultural, así como na lexicografía galego-alemán-galego.

Ana Luna Alonso é profesora titular no Departamento de Tradución e Lingüística da Facultade de Filoloxía e Tradución, onde imparte docencia de grao, mestrado e doutoramento. É investigadora do grupo BITRAGA (A Biblioteca da Tradución Galega) e participa en diferentes proxectos da Universitat de Barcelona, a Universitat Autònoma e a USC. Entre as súas actividades dedicadas aos Estudos de Tradución, hai que incluír os estudos socioculturais do contexto no que se desenvolve a tradución, dende e cara ás linguas minorizadas, a historia da tradución e das persoas que traducen, o estudo dos fluxos de tradución e as políticas de tradución editorial.

10:15-11:00h «O proxecto CULTURFIL» e «Terminoloxía e Terminografía: valores culturais e recursos»

Iolanda Galanes Santos (Terminoloxía)

Os traballos da liña Terminoloxía e Terminografía están orientados á elaboración de produtos terminográficos e a súa avaliación, á reflexión sobre o comportamento, as características e o tratamento terminolóxico do termo en contexto de mediación lingüística (Tradución e Interpretación), e, por último, á descrición da variación terminolóxica, a neoloxía e a lexicalización. Preséntanse nesta sesión os resultados de investigación da liña e os proxectos en curso, con especial atención na investigación máis innovadora sobre valores connotativos das denominacións e á compilación de recursos terminográficos para a Tradución e a Interpretación (TerMap).

Iolanda Galanes Santos é profesora titular no Departamento de Tradución e Lingüística da Universidade de Vigo, con estudos de posgrado en Quebec e postdoutorais Montréal. As súas liñas de investigación actualmente son a Tradución galega e a Terminoloxía. Conta con

numerosas publicacións en ambas as liñas, é autora e coeditora de monografías, monográficos de revista e dicionarios.

11:00-11:30h Pausa café

11:30-12:30h Panel: Estudos Literarios 2

«O discurso religioso em O Evangelho Segundo Jesus Cristo e Caim de José Saramago: do desencantamento ao encantamento»

Vanda Gouveia Fernandes (CJS, GAELT II)

Este projeto de investigación procura analizar, nos romances “bíblicos”, de que modo José Saramago aponta a salvación individual do homem moderno, na relación que mantém consigo e com o Outro, através do percurso agónico das suas personagens.

Nos textos do Nobel português, a figura de Deus, intolerante e megalómana, é protótipo de violéncia e irracionalidade sem limites. Procuramos comprender de que modo está latente no discurso do autor a negação de um tempo e de um lugar inexistentes – Éden, céu ou paraíso – e a aceitação e defesa da urgéncia de agir em qualquer lugar do mundo, num futuro presentificado, cuja realidade incomoda e angustia.

Assim, a tese que pretendemos defender é que as obras saramaguianas, palco do literário, apontam um caminho de salvación messiânica para a modernidade, negando qualquer metafísica. Advogam a busca de uma identidade socio-religiosa não mais “herdada”, mas construída num percurso que se orienta e cristaliza em disposições, interesses e ideais de dimensão moral e ética. Esta é uma demanda de urgéncia da contemporaneidade, tempo de expetativas futuras cada vez mais incertas.

Vanda Maria de Gouveia Fernandes é Mestra em Literatura Portuguesa Moderna e Contemporânea, pela Universidade Católica Portuguesa de Braga, e doutoranda de Estudos Literários na Universidade de Vigo. É professora de Português do Ensino Secundário, no Liceu do Funchal, e formadora de professores na Direção Regional de Educação da Região Autónoma da Madeira, nas áreas de Português /Língua Portuguesa, Literatura Portuguesa, Pedagogia e Didática e Didáticas específicas de Português e Língua Portuguesa.

«A obra narrativa de Vicente Risco: análise narratolóxico de *O Porco de pé*»

Diego Pereira Pinto (GAELT I)

Preténdese realizar unha aproximación á obra *O porco de pé* de Vicente Risco dende unha óptica narratolóxica partindo do concepto da cronografía. Tomarase como referencia para a exposición algunhas das ideas do artigo “O porco de pé” como cronografía de Manuel Forcadela e, coas propostas doutros espazos interpretativos tomados doutras teorías hermenéuticas, procederáse a avaliación da devandita novela procurando ofrecer unha comprensión orixinal que engada algunha novidade fronte ás tendencias de análise que diferentes autores teñen realizado noutros traballos previos, intentando superar e, á vez integrar, aquelas valoracións que queden, neste sentido, no meramente superficial. Verase

como se reflicten sobre ela os procesos históricos do primeiro terzo do século XX, realizando un breve repaso polo contexto histórico ligado sempre ó desenvolvemento da trama, para entender ata que punto este a determina.

Diego Pereira Pinto é licenciado en Estudos de Galego e Español, e conta tamén co mestrado de Lingüística Aplicada e o mestrado de Educación Secundaria pola UVigo. Actualmente prepara oposicións para o corpo de Profesorado de Secundaria de Lingua Galega e Literatura e escribe a súa tese centrándose na obra narrativa de Vicente Risco.

12:30-13:30h Conferencia de clausura (presencial)

«De mar a mar. Por que internacionalizar a literatura galega, para que e como facelo?»

Kathleen March

‘De mar a mar’ suxire unha canción en inglés sobre as dúas costas dun país. Porén, no noso contexto, alude a un país de anglofalantes que representan moitos posibles lectores e con eles un mercado grande de vendas. As vendas só van ser realizadas se o público ten interese por unha literatura, neste caso a galega. Preguntámonos por que internacionalizar a literatura galega de feito abrangue as preguntas de para que e como acadar ese obxectivo? Nunha palabra: Que ten a literatura galega, que ten a súa cultura, que mereza ser internacionalizada? A tradución pode ofrecer unhas respostas, moitas delas non son lingüísticas senón didácticas e algo máis. A ‘America the beautiful’ da canción ten a obriga de saber máis do resto do mundo.

Kathleen Nora March é catedrática emérita de español na University of Maine. En 1975 veu a Galiza para investigar sobre a poesía de Manuel Antonio, logo virían estudos sobre Carvalho Calero, Castelao, Luz Pozo, Xohana Torres e tamén Rosalía de Castro. As súas traducións de Cunqueiro, Rosalía e Otero Pedrayo son outra faceta dun traballo académico imprescindible, que axudou á proxección da literatura galega no ámbito anglosaxón. Nos anos 80 fundou e presidiu a Galician Studies Association (AIEG). En 2015 recibiu o Premio da Cultura Galega no apartado de Proxección Exterior.

13:30h Clausura

